




ETNOGRAFIA

...



Debuxo de Luis Seoane, 1946 (inédito). Do álbum adicado ó betanceiro Manuel Roel. Xentileza da súa familia.

Mugos
da noite verde
de Seoane
Manuel Roel
con agravios
de Seoane
1946

Os vellos oficios (I)


ROSINA MARTINEZ BARRAL*

O AFIADOR


*Sempre tras da roda camiñando
o afiador por este mundo vai
afiando coitelos e tixeiras,
navallas e fociños e o que cae.*

*Tocando a súa frauta que non deixa
avisa ó paso seu para alertar
ás mulleres, por si hai algúñ cazoło
que un furado ou remendo hai que tapar.*

*Tamén fai pitos para toca-los nenos,
os paraguas tamén sabe amañar
e moitas cousas que o que ganar quere
adeprende...para poder cobrar.*



* Rosina Martínez Barral, betanciera, pertence a unha familia de artistas, historiadores e literatos, mantendo ela esta tradición a través da pintura, do debuxo e da poesía.



A CASTAÑEIRA

Cando chega o outono
e ó castañar
vai a xente ós ourizos
a derrubar,
a castañeira saca,
do seu furado,
o pote escachizado
que pra asa-las castañas
ten ben gardado.

¡E qué ricas que saben
as castañiñas
cando fai algúñ frío
así quentíñas!

— “Por un patuconciño
dou catro mans.”

— “Se me da catro e media
leva un real.”

ROSINA
MARTINEZ

Betanzos 1980

O CESTEIRO

(O VERGUEIRO)

*Cando quer cambia-lo tempo
espióllase a galinha
e anda o lume na tixola,
con un paso preguiceiro
por ruas e corredoiras
sempre aparece*

o Cesteiro.

*Coas súas vergas óombo,
cruz que a vida lle cargou
aguanta dos responsorios
que ó paso lle van botando,
non o fan ir máis lixeiro,
pois sabe que a tempo chega*

o Cesteiro.

*"Xa ven o revolve tempo"
di a vella que quer mallar
as aveas, que na eira
ten na raiola a quentar.
"Vaite daí cambuceiro"
e el berra a todo berrar
"Cesteiro."*

*Polos camiños da vida
vaise pra sempre o vergueiro,
xa non oiremos máis
ese pregón lastimeiro
de quen sinte cerca o fin
e semella doente adiós
do Cesteiro.*



*ROSIÑA
MARTÍNEZ*

XI-1941

O FOGUETEIRO

A xente dou en dicir
que n'hai festa sen gaiteiro
e cando a festa ha ser festa
ten que vir o fogueteiro;
pra botar os artifícios
que tan ben sabe amañar
e que ás xentes lles avisa
q'hai festa n'algún lugar


Fai unhas bombas potentes
que allí no alto estoupando
retumban lonxe moi lonxe
que os ecos as van levando.

E logo unhos foguetiños
que van repetouteando
e outros cunhas estreliñas
que de noite van brilando.

por eso cundo se quer
que a festa sexa chungada
ten que vir o fogueteiro,
se falta el non val nada.

ROSINA
MARTINEZ

7962



A LAVANDEIRA

*Nun anaco de terra
do Paraíso
que preto de Betanzos
Deus poñer quixo,
allí, en cada paso
do Mendo ás veiras
atoparás lavando
ás lavandeiras.*

*Se queres ter a roupa
ben lavadiña
vai a Roibeira,
busca unha mulleríña
desas que a vida
pasa lavando
e deixarachá limpia,
branca e sequiña.*

*No vran e máis no inverno
con sol ou frío
as lavandeiras lavan
sempre no río.*



A LEITEIRA

*Que choiva ou que faga frío
que quente o sol a abrasar
tódolos días do ano
a leiteiriña ha de andar.*

*Por camiños enlamados
mil poceiras a saltar
por pasadoiros brincando
que a cesta fanlle embórcar.*

*¡Coitadiña! Camiñando
sempre adiante sen parar
os traballos debullando
ca vida lle fai pasar.*

*“Merca no leite” dicindo
e os nenos arremedando
“bótalle aceite” berrando
vaise a un tempo repetindo.*

*Chega á vila e nesta porta
sube ata o piso terceiro,
non tódolos parroquianos
están no piso primeiro.*

*Baixa e sube, sube e baixa
así recorrendo a vila
vai deixando en cada casa
o leite que lles da vida.*

*Así un día e outro día
e todiñolos dos anos
camiña que te camiña
vai a leiteira bregando.*



O PARTIDOR


Cuda luns do ano
(que non sexa festa)
en Santo Domingo
mercado hai de leña.

Alí hai moitos carros
de leña cargados
o mesmo de toxo
que de uz e carballo
e de cantas clases
de madeira hai
pra que cada quen
escolla ó seu xeito,
diría mellor a xeito do peto.

Logo o partidor
co cepo e machado
vai de casa en casa
a leña cortando.

E non valen trampas
nin folgas nin nada
que ben se ha de ver
a leña picada.

Por cada carriño
de leña partida
cobra tres pesetas,
que lle dan a vida,
e si é espabilado
cortando no día douis carros ou tres
¡Qué paga levanta
ó cabo do mes!





A SARDIÑEIRA

*Descalza de pe e perna
Pola ribeira
Vai con moito arruallo
A sardiñeira.*

*Por ruas e camiños
Sempre lixeira
Ofrece a mercancía
Desta maneira.*

*"¡Ala! que vai saltando
Levo sardiña
Cóma a miña ningunha
Que está fresquiña
Douna barata
Hoxe ¡así Dios me salve!
E coma prata.
Vou de remate,
E miudiña,
¡Ai! que rica sardiña
Cabezudiña."*

*Coa patela do peixe
Sempre Lixeira
Vai por vilas e aldeas
A sardiñeira.*

Rosina
MARÍNEZ
XII-1980


O SELLEIRO

*Selleiro que sellas fas
faime a miña lixeiriña
que xa pouco folgo teño
pois ben ves que estou velliña.*

*Deixa prás rapazas novas
as sellas de moito "aquel"
que elas queren presumir
e eu xa non teño de qué.*

*Van de noite pola auga
soio por ver ós mocíños;
que as agardan xunto á fonte
volvendo despois xuntíños.*

*Mocedades que se van,
ilusións que nunca volven,
onde os recordos están
algo queda que non morre.*



ROSINA
MARTÍNEZ

BETANZOS - 1980

AS SORPRESAS

*Cal fada xenerosa
coa súa varíña
cargada leva sempre
de maravillas,
a muller das sorpresas
vai polas festas
¡quén o diría!
colgada dunha punta
a súa xoieiría.
“¡Ala! que toca sempre
sexa un cravío
moi relocente,
algún anelo,
un reloxiño
pequerrechiño,
unha cadea
cun corazón de ouro
¡queno quixerá!
soio custa o cartucho
un patacóñ,
ninguén da máis barata
unha ilusión”.*

*Rosina
Martínez*

1941

